

El héroe y el monstruo: Museo Arqueológico Nacional, 27 de abril – 29 de julio de 2007.
[Madrid]: Secretaría General Técnica, Centro de Publicaciones, Ministerio de Cultura, 2007.
ISBN 978-84-8181-285-5.

Signatura en biblioteca: 739 MAN her

Catálogo da exposición que tivo lugar no Museo Arqueológico Nacional, (abril-xullo 2007), na que se mostra a Fíbula de Braganza xunto cunha serie de xoias e tesouriños da arqueoloxía ibérica. Esta peza de ourivaría en ouro representa unha zoomaquia, *escena de lucha heroica protagonizada por un lobo que se enfrenta a un joven guerrero imberbe, descalzo y desnudo, pero armado con sus signos de identidad: casco, espada y escudo. El joven y la fiera mantienen contacto físico, la pata del monstruo toca su escudo y ambos sostienen la mirada* (p. 20). Representa a vitoria do home, heroe salvador, sobre o animal e conforma un pequeno microcosmos no que se observan tres eidos diferenciados: o océano, a terra e o mundo subterráneo, tal como nos din os autores deste catálogo. Nel trátase ademais a historia deste sorprendente broche, os seus elementos ornamentais, estruturais e de montaxe, a figura do ourive artesán, o mundo ibérico, etc.

Este folleto contén tamén abundantes fotografías que nos amosan a beleza desta mostra da xoiaría helenística e doutras similares, que pola súa singularidade foi exposta polo Museo Arqueológico Nacional, grazas á súa colaboración co Museo Británico e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, no marco da mellor selección de cultura material ibérica da Idade de Ferro.